



## SABOREA

Aromas, cores, texturas e sabores propios para deleitarte. A variedade e a calidade dos alimentos producidos nestas terras fan do comer e o beber, un bo motivo de encontro e desfrute. O cabrito ó forno, a lamprea, o requeixo con mel e os viños conforman a identidade gastronómica dunha vila que seduce a vista, o olfacto e o padal.

## DESFRTUA

### FEIRA DO REQUEIXO E MEL

A Feira do Requeixo e Mel das Neves, Festa de Interese Turístico de Galicia, celébrase o Venres Santo. Degusta este queixo elaborado de forma tradicional seguindo a receita centenaria das mulleres nevesas, acompañado de mel e viños da DO Rías Baixas, mentres desfrutas de actuacións musicais, showcookings, feira de artesanía e actividades para os máis cativos.

### FESTA DO VIÑO TINTO RÍAS BAIXAS

Desfruta da Festa do Viño Tinto Rías Baixas, no mes de xullo, coa cata dos mellors viños da zona do Condado. Nela están presentes as adegas das Neves "Señorío de Rubiós, Abadía de Tortoreos e Viña Nora", acompañadas de boa gastronomía local e música en vivo.

## ACTÍVATE

O noso entorno natural e o río Miño bríndanos a oportunidade de descubrir a contorna dun xeito diferente, con propostas para os amantes da tranquilidade e retos para os máis aventureiros. Sendeirismo, kaiak, rafting, pesca ou BTT son só algúna das experiencias que podes vivir.

## ENOTURISMO

O viño forma parte da tradición, da paisaxe e da cultura desta terra. Descubre os viños e as propostas enoturísticas das nosas adegas.



Concello

**As Neves**



Turismo

Concello

**As Neves**



Concello

**As Neves**



## A NOSA VILA

Nas Neves gústanos o natural, a tranquilidade e o son da auga ao correr. Xente acolledora coa que percorrer rúas e prazas, como a Praza Maior, na que palpita a vida da vila á sombra da singular torre piramidal da súa Igrexa, un templo barroco do século XVII. Un balcón natural sobre o Miño onde descubrir recunchos con encanto como a Praza do Cruceiro ou a Fonte de San Ignacio.

## COÑECE

Descubre o pasado das Neves desde os trazos deixados nas rochas polos nosos devanceiros.

Portomaior, testemuña da primeira ocupación humana de Galicia, é xa un dos xacementos más antigos de Europa e continúa a regalaros braianteis achados de máis de 300.000 anos. Vestixios únicos en forma de bifaces de gran tamaño, realizados en cuarzo e cuarcita.

Outra mostra relevante do noso patrimonio arqueolóxico son os **Petróglifos da Coutada** onde encontrarás máis de 20 figuras zoomorfas, que amosan unha singular escena de caza con cabalos de hai máis de 4000 anos.

Outro lugar a destacar é o **Castro de Altamira**, famoso polo achado de numerosas figuras realizadas en bronce con técnicas romanas de fundición. A carón do castro atopáse as **Lagaretas rupestres de Altamira**, utilizadas para o prensado de froitos silvestres ou a obtención de aceites.

## SABER MÁIS

Explora o legado e o xeito de facer, transmitido polos nosos devanceiros.

Nas ladeiras do monte de San Nomedio escaváronse no xisto pequenas covas para o acubillo de cabras e ovellas, **As Furnas da Ribadeira**.

As **Pesqueiras do Río Miño** son outra mostra do singular patrimonio etnográfico da zona. Feitas con grandes bloques de granito e ancoradas nas beiras do río, utilizáse dende a Idade Media para a captura da lamprea, mediante grandes redes cónicas (os voitiróns).



# RITOS ANCESTRAIS

Cultos perpetuados no tempo que debuxan todo un mapa simbólico do noso sentir como pobo.

En **Santa Marta de Ribarteme**, cada 29 de xullo sorprenderase cunha manifestación única do fervor relixioso e da exaltación da vida sobre a morte.



En pleno Camiño dos Frades, a Igrexa de Santa Marta celebra unha das ceremonias más extraordinarias do mundo, "a Procesión dos Cadaleitos. Un cortejo onde os ofrecidos, son portados nos férreos a ombreiros de familiares.

Na **Ponte da Senra**, lugar máxico onde os haxa, celébranse dende tempos inmemoriais bautismos prenatais. A muller en cinta, sitúase debaixo do arco da ponte ata que pasaran un home e unha muller que posteriormente serían o padriño e a madriña da criatura.

En **San Bartolomeu de Taboexa**, cada 24 de agosto celébrase a "Romaría do Medo". Celebración onde a bendición do santo, mediante croques na cabeza, libra do temor a persoas de todas as idades.

## PEGADAS DA ARTE

Achégate ata o Conxunto escultórico de Redondelo e senta a carón da escultura do "Xigante", xoga a adiviñar os puntos cardinais coa obra "Punto de Partida" ou segue as pegadas do "Sendeiro do Coñecemento Compartido", mentres desfrutas das magníficas panorámicas sobre o val do Miño que dende alí se divisan.



## RESPIRA

Atrévete a coñecer a marabillosa paisaxe que o río Miño nos deixa ao seu paso polas Neves e que se inclúe na Ruta Natura 2000. Un marco de incomparable beleza, onde o río se fai fronteira con Portugal.

Para coñecer mellor este entorno, ánimate a percorrer o Camiño dos Pescadores. Unha senda de 3.5 km de lonxitude que zigzaguea entre as paredes rochosas que acubillan o Miño. Sorpréndete paseando entre as pesqueiras, descubre as ruínas da Casa da Barca, lugar ligado ao contrabando na época da posguerra ou aproveita para bañarte nalgúnha das praias fluviais do percorrido, como a de Guláns ou a de Portomaior. Aproveita tamén para coñecer xa no tramo final do percorrido, a Lagoa dos Sapoconchos. Un pequeno lago no que habita unha especie de tartarugas pouco común.

A Área recreativa de Santa Mariña en Liñares é outro dos puntos máis visitados do Concello das Neves. Sita á beira do río Miño e punto de partida do Camiño dos Pescadores é un lugar onde gozar dun día de lecer coa familia. Un espazo dunha gran beleza natural ao carón da capela do S. XVIII.

O río Termes é outro dos grandes recursos naturais das Neves (Rede Natura 2000 e declarado Lugar de Importancia Comunitaria).

Descúbreo seguindo o Camiño dos Frades. Unha ruta duns 15 kms de lonxitude que segue os pasos da Raíña Isabel de Portugal no seu peregrinar cara Compostela. O percorrido atravesa todo o Concello das Neves desde a ribeira do Miño ata o Santuario da Franqueira.

Outro lugar para non perder é a Fervenza da Ceña en Liñares. Sente o bulir do río Xuliana por entre os penedos e desfruta de fermosos solopres e da calma do lugar na pequena praia fluvial.

Por último, non deixes de marabillarte coas magníficas vistas que dende miradoiros como o do monte San Nomedio, a case 700 m de altitude, se proxectan sobre os vales dos ríos Termes e Miño.

